

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA

CONVOCATORIA: 2013/14

Grao/ Máster Universitario:

Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoyo Educativo

INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓNS

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 28 de xullo de 2015

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultad de Ciencias da Educación e do Deporte
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

XUSTIFICACIÓN

O resultado do proceso de seguimento do título é CONFORME cos propósitos incluídos no documento de ACSUG “Guía de Seguimento de Títulos Oficiais de Grao e Máster (2014)”, establecidos de acordo coas recomendacións da REACU e de CURSA, e os criterios establecidos na “Guía de Avaliación interna do Seguimento das titulacións” elaborada pola Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.

- Información pública:

A información pública é clara, accesible e esta actualizada na propia Web do Título (http://Webs.uvigo.es/masterapoiioeducativo/muneae_igpres_es.htm) e correspóndese ca contida na memoria vixente. A páxina está ben estruturada e organizada en seccións, o que facilita a súa accesibilidade. Esta información completase ca publicada na páxina Web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (<http://Webs.uvigo.es/feduc/index.php>), nos apartados de: Acceso e Admisión: probas e matrícula, Persoal, Guías docentes, Calidade, PAT, etc.

No apartado de recomendacións recóllense unha proposta de melloras a levar a cabo para mellorar a calidade da información pública do título, referentes ao PAT, perfil profesorado, etc. É moi importante que se recolla de forma clara e accesible a “Política e Obxectivos de Calidade” e o Informe de grao de cumprimento para cada un dos cursos académicos e seguir traballando na publicación de información referida o Sistema de Garantía de Calidade.


- Valoración do cumprimento do proxecto:

A reflexión é completa e coherente e arguméntase tendo en conta os principais aspectos de análise de cada un dos criterios. Os argumentos empregados na reflexión son sólidos e fundamentase nos resultados das enquisas de satisfacción do título, a taxas académicas e outros indicadores xerados polo SGC. Propóñense accións de mellora coherentes coa reflexión. Débese seguir mellorando a implantación do Sistema de Garantía Interno da Calidade.

- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:

Tivéronse en conta a maioría das recomendacións recollidas no informe de seguimento do curso 2012-2013.

Vigo, a 28 de xullo de 2015



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Información pública

Resultado:

Conforme

A

B

Non Conforme

C

D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas:

- A información pública é, en xeral, completa. Valórase positivamente a dispoñibilidade, os contidos e o acceso, de xeito directo, á información pública.

Non conformidades:

- Non coincide o contido na memoria en referencia aos requisitos de admisión e/o criterios de valoración méritos (páxina 15) cos recollidos na Web no apartado de Acceso e Admisión, aspecto éste que se considera relevante e que podería inducir a confusión ao colectivo interesado en cursar o título.
- Existe un desaxuste entre o número de prazas de novo ingreso recollidas na memoria vixente (30), no apartado "Información xeral" da Web do título e no apartado "Acceso e Admisión" (35). Aínda que no Autoinforme de seguimento se xustifican estes cambios, recoméndase valorar a conveniencia de modificar a memoria para recoller os cambios. En calquera caso, a información pública debería ser única e non inducir a confusión.

Recomendacións para a mellora :

- Na Web http://uvigo.es/uvigo_gl/Centros/pontevedra/educacion.html non figura a información relativa ao título, como parte da oferta formativa do centro.,
- Na Web da Universidade (<http://www.uvigo.es>) no apartado "Campus" podese acceder ao "Campus de Pontevedra", onde se recollen as titulación que se imparten. A información non está actualizada: o título de Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo non aparece.
- A información do PAT está na Web da Facultade de CC da Educación e do Deporte de Pontevedra e sería necesario publicar o listado de alumnos titorizados e profesor titor correspondente, para que os alumnos teñan acceso a esta información, como xa se recomendara no Informe final do curso 2012-2013.

- Como xa se recomendara no Informe final do curso 2012-2013, débese ampliar a información sobre o cadro docente na Web do título, incluíndo información sobre a categoría profesional do PDI, liñas de investigación, produción científica, etc.
- A política e obxectivos do centro, no apartado de calidade, conduce ao manual de calidade é sería recomendable que aparecera de forma máis accesible, nun único documento, dada a súa importancia. Xa se recomendara no Informe final do curso 2012-2013.
- Recomendase seguir traballando na publicación de información referida ao Sistema de Garantía Interna da Calidade. Non aparece información sobre: informe de seguimento dos obxectivos de calidade, informes de avaliación docente da titulación, informe de seguimento do título, resultado de enquisas de satisfacción.
- No Informe de seguimento do curso 2012-2013 facíase referencia á necesidade de actualizar desde a Web da Universidade de Vigo os accesos ao título, circunstancia que xa fora sinalada no informe emitido pola ACSUG (2011-2012) e no informe de seguimento 2012-2013.

INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido

Resultado:

- | | |
|---|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> Conforme | <input type="checkbox"/> Non Conforme |
| <input type="checkbox"/> A | <input type="checkbox"/> C |
| <input checked="" type="checkbox"/> B | <input type="checkbox"/> D |

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas

Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	-
Xustificación	<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión é completa e coherente e arguméntase tendo en conta os principais elementos de análise. - Valorase positivamente o interese por coñecer o grao de empregabilidade dos egresados. - No curso 2013-2014 cubríronse as prazas que se ofertaron na primeira convocatoria de matrícula, feito que avala o interese do título.
Competencias/ Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión é completa e coherente e arguméntase tendo en conta os principais elementos de análise. - Valoración alta do criterio nas enquisas de satisfacción por parte do profesorado.
Acceso e admisión	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión constante do criterio. - O ratio de prazas ofertadas e demandadas é moi alto.
Planificación das ensinanzas	<ul style="list-style-type: none"> - É unha fortaleza do título neste criterio a existencia dun espazo común para alumnos e profesores que facilita a comunicación. - Obtención de altas taxas académicas.
Recursos humanos	<ul style="list-style-type: none"> - La inclusión de profesionais expertos co obxectivo de completar a visión académica do estudante con outra máis aplicada.
Recursos materiais	-
Resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Elevada participación nas enquisas

Sistema de Garantía de Calidade	-
Calendario de implantación	-

Non conformidades

Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	-
Xustificación	-
Competencias/ Obxectivos	-
Acceso e admisión	-
Planificación das ensinanzas	-
Recursos humanos	-
Recursos materiais	-
Resultados	-
Sistema de Garantía de Calidade	-
Calendario de implantación	-

Recomendacións para a mellora	
Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	–
Xustificación	– Sería adecuado e de interese a proposta de mellora de implantar un sistema de consulta aos egresados que permita valorar a súa formación académica no traballo desenvolvido nos centros educativos. Para iso a Comisión Académica do máster pode elaborar un documento en colaboración co persoal de Calidade.
Competencias/ Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> – As accións recollidas como boas prácticas non se axustan ao concepto de “Boas Prácticas”. Poñer as guías docentes a disposición do alumnado previa á matrícula é un requirimento indispensable de información pública e a xornada de presentación realizase de forma habitual na maioría dos centros da Uvigo. – Recoméndase reflexionar sobre a adecuación das competencias, a adquisición das mesmas e a satisfacción por parte dos alumnos. – Recomendase analizar en maior profundidade o ítem correspondente a satisfacción do alumnado co criterio, xa que o indicador é mellorable, polo que sería recomendable emprender accións de mellora do mesmo.
Acceso e admisión	<ul style="list-style-type: none"> – Recomendase reflexionar sobre a necesidade de modificar a memoria do título. Como xa se indicou en informes anteriores na Web do título inclúense con preferencia no acceso o Mestrado a Licenciatura en Ciencias de Actividade Física e do Deporte, cando a titulación non aparece recollida na memoria. Ademais, nos criterios de admisión, o orden destas, e o número de prazas asignadas non se corresponden cas que figuran na memoria. – Recomendase reflexionar sobre ás accións de mellora levadas a cabo para a promoción da titulación e captación do alumnado. Menciónanse de forma moi breve no apartado de boas prácticas, non sendo o apartado correcto xa que as accións descritas (promoción do centro) non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, repicabilidade...). – Reflexionase adecuadamente sobre as actividades de orientación do alumnado, sendo aconsellable a reflexión no criterio de Planificacións das ensinanzas. – Recomendase para futuros informes de seguimento que ás reflexións non só se centren na descrición das accións que se planifican e desenvolven, se non que é importante aportar información de como e cal é o resultado que se obtén, o que axudará a identificar debilidades e oportunidades de mellora. Recóllense tamén no apartado de boas prácticas “procedementos e actividades de apoio e orientación”, non sendo o apartado correcto xa que as accións descritas non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, repicabilidade...).

<p>Planificación das ensinanzas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase seguir o indicado no Informe de seguimento do ano anterior, relativo a necesidade de revisar o establecido na memoria, en concreto, algunhas fichas de materias (contidos e deseño de actividades formativas...). Aínda que se recolle como proposta de mellora, non se establece un plan de mellora. Recomendase establecer un plan de mellora e concretalo posteriormente na modificación da memoria do título. - Proponse como plan de mellora incrementar o número de convenios firmados para ampliar os destinos de intercambio e mobilidade dos estudantes. Este plan de mellora non responde a ningunha deficiencia ou problema detectado na reflexión que se fai no criterio. Polo tanto, non hai coherencia entre a valoración realizada, as debilidades detectadas e a accións de mellora. - Proponse un plan de mellora “Implicación dos docentes nas actividades de axuste e mellora na coordinación das distintas materias...”. O plan de mellora non responde a ningunha debilidade detectada, xa que se fai referencia na reflexión do criterio a existencia de mecanismos axeitados de coordinación docente. - Recomendase facer referencia aos resultados nas materias (ítems 1 e 2) das enquisas de Avaliación docente. - Recomendase facer un análise do desenvolvemento das prácticas (satisfacción). - Indícase na reflexión que “se pretende continuar mellorando a coordinación entre o profesorado”, pero non están definidas as funcións do coordinador. Unha definición clara de funcións permite detectar deficiencias ou resolver os problemas. Por iso, recoméndase que a Comisión Académica defina as funcións e as responsabilidades da coordinación vertical e horizontal, para asegurar a adecuada coordinación no proceso de programación académica do máster.
<p>Recursos humanos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - No relativo á valoración do grado de cumprimento de este epígrafe, considérase que se fai unha descripción do PDI máis cunha reflexión sobre a idoneidade e capacitación do cadro docente. - Recomendase incluír os resultados das enquisas de avaliación docente (informe global da titulación) á reflexión sobre os resultados. Non se fai unha análise dos resultados de satisfacción do PDI por parte dos estudantes. - Recomendase incluír a análise de ítem 1 “Estou satisfeito, en xeral, co persoal de administración e servizos do centro” do indicador 74 “Grao de satisfacción dos estudantes cos recursos de apoio ao ensino” da enquisa de satisfacción. - As estancias dos docentes en Universidades estranxeiras non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, replicabilidade...). É unha práctica común entre os docentes universitarios.
<p>Recursos materiais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Conviría indicar o número de profesores e estudantes que participan nas enquisas.

	<ul style="list-style-type: none"> - Conviría xustificar a proposta de mellora relativa á “dotación de equipos informáticos fixos na aula”, dado que la valoración que fai o PDI dos recursos é elevada (5,79/7).
<p>Resultados</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase incluír referencias na reflexión do critrio á aplicación das enquisas: índices de participación e o seu análise, non no apartado de Boas prácticas” - No apartado de boas prácticas indícase “Animar ao alumnado e profesorado a participar activamente nas enquisas de satisfacción do título”, non sendo o apartado correcto xa que as accións descritas non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, repicabilidade...).
<p>Sistema de Garantía de Calidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase facer referencia máis explícita aos cambios nos procedementos do SGIC e o seu nivel de implantación no título. - Recomendase facer referencia máis explícita ao nivel de cumprimento na recollida de evidencias xeradas pola implantación do Sistema de Garantía de Calidade. - Recomendase recoller as principais decisións tomadas no marco do SGC.
<p>Calendario de implantación</p>	<ul style="list-style-type: none"> -

VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións

Resultado:

Conforme

Non Conforme

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

A maioría das recomendacións suxeridas han sido obxecto de análise, dando lugar a correccións ou accións de mellora, a maioría realizáronse en su totalidade. As pendentes recóllense de novo no informe de seguimento actual, con suficiente concreción, en canto as tarefas, responsables e calendario de execución.

Cabe sinalar a necesidade de acometer a relativa á información pública do cadro docente do título.

ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: